

CONVOCATORIA


VII PREMIO INNOVACIÓN EDUCATIVA

BASES CONVOCATORIA

1.- PRESENTACIÓN

O compromiso de Escola Viva, como movemento de renovación pedagóxica, coa innovación educativa ten que ver co ánimo de mellorar a práctica docente e os procesos de ensinanza aprendizaxe nos centros educativos.

Na convocatoria deste VII Premio, como nos anteriores, preténdese recoñecer o labor daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas innovadoras nos seus centros co fin de mellorar a formación do seu alumnado.



2.- CONVOCANTES

Escola Viva en colaboración con FeSP-UGT Galicia.

3.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os proxectos deberán presentarse en formato papel coas seguintes características:

Máximo de 20 folios (sen ter en conta a portada, contraportada e índice) en letra Arial de 12 puntos e interliniado de 1,5. Poden achegarse anexos en formato papel ou en outros soportes materiais.

Non poderán presentarse proxectos que teñan sido premiados noutras convocatorias.

Teranse en conta aqueles proxectos que se axusten ás seguintes liñas de traballo:

- Favorecer a posta en práctica de métodos innovadores que fomenten a participación do alumnado a través de metodoloxías participativas e que favorezan os valores de cooperación.
- Desenvolver estratexias didácticas que presten especial atención á diversidade e ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Elaborar materiais didácticos que fomenten o interese dos alumnos e alumnas e contribúan ó afianzamento das competencias básicas.
- Fomentar proxectos que estimulen a convivencia no centro, a educación pola paz e os dereitos humanos.
- Levar a cabo proxectos que fomenten a educación medioambiental nos contornos educativos.
- Fomentar o uso das TIC e as plataformas para compartir información.
- Mellorar as habilidades lingüísticas nas línguas extranxeiras.
- Fomentar o desenvolvemento das ensinanzas artísticas e musicais dentro e fóra da aula.

4.- PARTICIPANTES

Poderán participar profesores de educación infantil e primaria, educación secundaria, ensinanzas artísticas e de réxime especial e formación profesional, en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Os traballos poderán ser presentados de xeito individual ou en grupo.

Os participantes deberán facer constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos dos participantes.
- Centro de traballo e especialidade.
- Teléfono.
- Correo electrónico.

5.- CUANTÍA

1º PREMIO: 2.000 EUROS

2º PREMIO: 1.000 EUROS

Do mesmo xeito o xurado poderá outorgar mención honorífica sen dotación económica.

Os premios están suxeitos ás retencíóns fiscais que estipula a Lei 32/2006 e o Real Decreto 43-9/2007

6.- XURADO

O xurado estará composto por cinco docentes con experiencia contrastada no eido da innovación educativa.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS TRABALLOS

A valoración dos traballos efectuarase en base ós seguintes criterios:

- Carácter innovador do proxecto (obxectivos, contidos, metodoloxía, etc.) así como a súa aplicabilidade na aula.
- Incidencia do proxecto no desenvolvemento de procesos de ensinanza aprendizaxe de carácter cooperativo.
- Repercusión na comunidade educativa.
- Fundamentación teórica e claridade de formulación.
- Calidade técnica (deseño, actividades, materiais, etc.)
- Proxección práctica no centro educativo.



8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballos poden enviarse ata o 23 de abril, incluído este día, ó seguinte enderezo:

FeSP-UGT Galicia

Miguel Ferro Caaveiro 12 - 1º. 15707 Santiago de Compostela

Debe indicarse: Premio de Innovación Educativa



9.- RESOLUCIÓN

O premio darase a coñecer o día 9 de maio de 2019 e farase público en rolda de prensa e na web www.feteugtgalicia.es

Os premios entregaranse nun acto que será realizado na data e lugar que se anunciarán oportunamente.